



NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

ANEXO I

PLAN DE CONTINXENCIA ANTE PECHES DE AULAS OU CENTROS EDUCATIVOS NO CONTEXTO DA COVID-19

1. Para garantir a continuidade do proceso educativo de xeito non presencial a escola ten publicada na web, no enlace <https://www.eapicasso.com/informacion/>, os horarios espello. A unidade lectiva a aplicar é de 40 minutos que respecta unha carga horaria algo maior do 60% da carga lectiva establecida na fase presencial.
2. A través da web da escola, www.eapicasso.com, a Dirección da escola comunicará ao alumnado a concreción do protocolo en caso de peche para que sexa coñecido e podan contribuír ao proceso educativo.
3. As tarefas para o alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando seu dereito ao lecer e ao descanso.
4. O alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial, e, polo tanto, está obrigado participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento.
5. Durante o peche ou confinamento, sempre de acordo coas indicacións sanitarias derivadas da evolución epidemiolóxica, o profesorado poderá seguir o proceso educativo no seu centro educativo ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo.
6. A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas institucionais tales como as aulas virtuais, Webex, etc.. O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
7. O mesmo día do peche:
 - a. a dirección do centro enviará unha comunicación a través da aplicación CODEX.PRO e publicará unha nova na web do centro.
 - b. o profesorado habilitará na aula virtual do centro os recursos e as actividades iniciais e trasladará orientación ao alumando, a través da aplicación CODEX.PRO ou a través da aula virtual.
8. Para a atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará unha proposta de actividades educativas que comunicará ao alumnado mediante a aplicación CODEX.PRO ou mediante a aula virtual.
9. Garantirase en todo momento a atención a diversidade do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades.
10. A administración educativa garantirá o dereito á educación e a súa equidade. A tal fin disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise de acordo co seguinte protocolo:
 - a. O mesmo día da corentena ou do peche os equipos directivos afrontarán cos seus propios recursos tecnolóxicos, no caso de dispoñer deles, as necesidades TIC máis prementorias do centro.
 - b. Unha vez atendidas as necesidades iniciais as direccións dos centros trasladarán con carácter de urxencia por correo electrónica á inspección educativa as necesidades priorizadas de equipos que quedaran sen cubrir. A inspección dará traslado destas necesidades aos servizos centrais para facilitar a súa cobertura inmediata.
 - c. Todo o alumando que reciban equipamento público deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose do dito material segundo o modelo que se atopa dispoñible como Anexo II e que se atopa dispoñible no portal educativo. Aos efectos de axilizar o proceso ante un posible peche as direccións dos centros educativos recadarán de inmediato os documentos de cesión de equipamento debidamente asinados polo alumnado que puideran precisar este equipamento. Chegado o eventual peche darán traslado dos documentos de cesión asinados para a recepción do equipamentos correspondentes.





NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
ANEXO II
DECLARACIÓN RESPONSABLE PRÉSTAMO EQUIPAMENTO

Eu, D./Dna. _____ con DNI _____ alumno/a da Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso da Coruña recibín en réxime de préstamo o equipamento identificado máis abaixo para continuar o proceso formativo durante a vixencia das circunstancias excepcionais derivadas da pandemia por Covid-19. Comprométome a usalo de forma responsable, a mantelo baixo a miña responsabilidade e coidado, a cumprir coas medidas de seguridade apropiadas e a devolvelo nas mesmas condicións en que me foi entregado.

EQUIPO	MODELO	N.º DE SERIE

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento Xunta de Galicia	Centro educativo ao que se refire este documento
Finalidade do tratamento	Rexistro e acta de entrega de equipamento
Lexitimación do tratamento	O cumprimento dunha misión de interese público, o exercicio de poderes públicos, o cumprimento dunha obriga legal, segundo a normativa xeral e sectorial referida en https://www.xunta.gal/informacion-xeral-protecciondatos e demais regulación concordante
Destinatarios do datos	Non se prevén comunicacións a terceiras persoas
Exercicio dos dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto delegado/a de protección de datos e información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

E para que así conste, asino este documento

En _____, a _____ de _____ de _____

Entregado ao centro educativo con data ____/____/____

